



2024

1º TROFEO MRF 2024



FEDERACIÓN GALEGA DE
AUTOMOBILISMO

ARTIGO 1 ORGANIZACIÓN.

ARTIGO 2 COMITÉ ORGANIZADOR.

ARTIGO 3 ASPIRANTES.

ARTIGO 4 VEHÍCULOS ADMITIDOS.

ARTIGO 5 INSCRICIÓN.

ARTIGO 6 PRUEBAS PUTUABLES.

ARTIGO 7 PREMIOS.

ARTIGO 8 PUNTUACIÓN.

ARTIGO 9 PUBLICIDADE.

ARTIGO 10 COMISARIO DE SEGUIMIENTO.

ARTIGO 11 MODIFICACIÓN Ó REGULAMENTO.

ARTIGO 12 POSTOS DE SAÍDA

Artigo 1.- ORGANIZACIÓN.

“MRF TYRES”, e a Federación Galega de Automobilismo organizan para o ano 2024 o **1º TROFEO MRF 2024**. O presente regulamento complementarase co Anuario de Galicia 2024, da Federación Galega de Automobilismo, nos apartados que non figuren neste documento.

Artigo 2.- COMITÉ ORGANIZADOR.

O Comité Organizador ten entre as súas competencias a de emitir anexos que formarán parte do presente regulamento, modificalo, interpretalo e tamén resolver tódolos casos non previstos. Os devanditos anexos e modificacións, deberán ser aprobados pola Federación Galega de Automobilismo e publicados na web:

<http://www.fga.es/>.

O Comité estará integrado por un representante da Federación Galega de Automobilismo, e un representante de **“MRF TYRES”**

En tódalas probas puntuables haberá un comisario representante do Comité que coidará de informar a tódolos participantes sobre a interpretación do presente Regulamento, e de transmitir ó Comité os problemas e incidencias que se plantexen, así como de controlala perfecta ubicación da publicidade nos vehículos.

Artigo 3.- ASPIRANTES.

A) Licenzas: Posuilas licenzas dacordo co Anexo I do Anuario da F.G. de A. que habilite o concursante e piloto que permitan participar nas probas indicadas no art. 6.

B) Tódolos gañadores das Fórmulas de Promoción, de tempadas anteriores, poden volver a participar nas mesmas, puntuando e optando ós premios en metálico.

C) Os pilotos que se inscriban nunha Fórmula de Promoción, dos Campionatos de Galicia, por especialidade e tempada non poderán mudar de Copa, Trofeo, Reto, ou Challenge ata a tempada seguinte

D) “MRF TYRES.”, e a Federación Galega de Automobilismo, resérvanse o dereito a rexeitar calquera inscrición ó **1º TROFEO MRF 2024** sen ter que xustificalo.

E) Os pilotos participantes dentro das copas MRF, deberán asistir as entrega de premios, entrevistas en medios de comunicación e actos promocionais, portando a indumentaria subministrada por MRF que se lles faga entrega durante a tempada, o non cumprimento da norma implicará a perda dos puntos e premios en metálico a que puidera optar en dita proba.

F) Para inscribirse no **1º TROFEO MRF 2024** será obrigatorio participar cas seguintes marcas: YACAR, LA BASE, KINCAR, LIVE LIFE, MRF.

G) Todo piloto ou membro do equipo, que non facilite ou non autorice a Verificación Técnica do seu vehículo, será sancionado coa descalificación inmediata da proba e da copa, e darase traslado ao Tribunal Galego de Apelación da F.G.A. para a apertura do correspondente expediente disciplinario.

H) O equipo que resulte descalificado dunha proba por motivos deportivos ou técnicos (prescricións xerais do regulamento xeral), non poderá optar a ningunha atribución de puntos nin premios en metálico da proba correspondente.

I) Se a descalificación fose por motivos técnicos implicará a exclusión definitiva da copa ou trofeo no que participe e se fose por motivos deportivos en función da gravidade poderá ser excluído da copa, trofeo u campionato.

Artigo 4.- VEHÍCULOS ADMITIDOS:

O **1º TROFEO MRF 2024** está reservada exclusivamente a Clase III (CARCROSS) e **CLASE V (CARCROSS JR)** que participen no Campionato de Galicia de Autocross.

Artigo 5.- INSCRICIÓN:

Unha vez aceptada a inscrición no **1º TROFEO MRF 2024** o participante estará oficialmente inscrito neste. Tódolos interesados en inscribirse no **1º TROFEO MRF 2024** terán que facelo enviando a folla de inscrición en formulario “online” sita en:

<http://www.fga.es/formularios/index.php/>:

O prazo de inscrición estará aberto ata 10 días hábiles antes da celebración da primeira proba na que se desexe participar. Non se aceptará ningunha inscrición incompleta. Non optarán a premios en metálico nin os puntos, aqueles que non formalicen a súa inscrición no prazo estipulado.

Coa inscrición terá que axuntarse unha factura orixinal, da compra de 4 pneumáticos MRF ZKC GSS (2 dianteiros e 2 traseiros). A compra destes pneumáticos será valido para a participación tanto no trofeo MRF de Autocross como na copa MRF de Rallymix, nos seguintes puntos de venta:

.- KINCAR: kincar@kincar.es. TELÉFONO: 628885606

.- YACAR RACING: YACARCROSS@YA-CAR.ES. TELÉFONO: 676 484 647

.- LA BASE MOTOR CLUB: LABASE@LABASEMOTORCLUB.COM. TELÉFONO: 663819 859

.- LIVE LIFE IBERIA. ares_racing@hotmail.com. TELÉFONO: 626324629

.- MRF TYRES SPAIN: MRF@MRFTYRES.ES. TELÉFONO: 609238352

.- Control de Pneumáticos: Queda terminantemente prohibido tapalos códigos FIA de cada pneumático e o seu composto.

Artigo 6.- PROBAS PUNTUABLES:

Para o 1º TROFEO MRF 2024, serán puntuables as probas seguintes:

DATA	PROBA	ESCUDEIRÍA
27-04-2024	28º AUTOCROSS O CASTRO	RALLYACTIVIDAD COMPETC
11-05-2024	84º AUTOCROSS ARTEIXO	PEÑA AUTOCROSS ARTEIXO
08-06-2024	18º AUTOCROSS CARBALLO	CLUB RALLYE CORUÑA
27-07-2024	32º AUTOCROSS SANTA COMBA	
24-08-2024	8º AUTOCROSS XACOBEO	TODO MOTORSPORT
14-09-2024	85º AUTOCROSS ARTEIXO	PEÑA AUTOCROSS ARTEIXO
12-10-2024	29º AUTOCROSS O CASTRO	RALLYACTIVIDAD COMPETC

Artigo 7.- PREMIOS:

A) En cada unha das probas puntuables para o 1º TROFEO MRF 2024 outorgaranse os premios segundo a seguinte táboa:

CLASE III (CARCROSS)

PREMIOS POR PROBA

1º	250 €
2º	150 €
3º	100 €

PREMIOS FINAIS SCRATCH

VENCEDOR PILOTOS	TROFEO DE BRONCE
SUBCAMPIÓN PILOTOS	TROFEO DE BRONCE

CLASE V (CARCROSS JUNIOR)

PREMIOS POR PROBA

1º	150 €
2º	100 €
3º	50 €

PREMIOS FINAIS SCRATCH

VENCEDOR PILOTOS	TROFEO DE BRONCE
SUBCAMPIÓN PILOTOS	TROFEO DE BRONCE

Tódolos premios deste apartado son concedidos pola F.G.A., e "MRF TYRES." están afectados, no seu caso, pola retención vixente aplicada polo Ministerio de Facenda a conta do IRPF.

Artigo 8.- Puntuación:

En cada unha das probas puntuables, para o **1º TROFEO MRF 2024**, outorgaranse os seguintes puntos segundo o posto.

8.1.- Atribucións de puntos de acordo co lugar obtido na clasificación xeral scratch da copa:

1º	2º	3	4º	5º	6º	7º	8º	9º	10º	11º	12º	13	14º	15º
35	30	27	24	21	18	15	12	10	8	6	5	4	3	2


8.2.- Outorgaráselle un punto, a partir do 15, a todos os que finalicen a proba.

8.3.- A clasificación final do **1º TROFEO MRF 2024** será establecida entre aqueles pilotos que participasen nun número de probas igual á metade das probas celebradas máis unha. Para a puntuación final reteranse e sumaranse os resultados de tódalas probas celebradas no calendario deste regulamento menos una. Se un participante non toma parte en algunha das probas, a mesma poderase descontar para a clasificación final.

8.4.- Non se poderá descontar unha proba na que fose excluído.

Artigo 9.- PUBLICIDADE:

Tódolos vehículos deberán levar unha pegatina no frontal do carcass, unha pegatina en cada lateral, unha pegatina na parte traseira do carcass, coa inscrición MRF. Baixo ningún concepto estará permitido recorta-la publicidade nin tapa-la parcialmente. O incumprimento implicará a perda dos puntos e premios da proba de referencia. A reiteración do antedito implicará a descalificación a tódolos efectos do **1º TROFEO MRF 2024**.

**Artigo 10.- COMISARIO DE SEGUIMIENTO:**

O Comité organizador nomeará a unha persoa, a cal estará debidamente acreditada e identificada, para facelo seguimento da publicidade e todo o concernente o bo desenrolo da copa, nas verificacións técnicas de cada proba, así como do estrito control das pegadas.

Artigo 11.- MODIFICACIÓNS Ó REGULAMENTO:

Calquera modificación que puidera xurdir unha vez publicado ó presente regulamento, así como calquera cambio no calendario de probas, comunicaranse ós inscritos mediante un complemento, e coa publicación na páxina de Internet <http://www.fga.es/>.